

ALÉN DO FORMALISMO

O escritor brasileiro João Gilberto Noll desentraña en Santiago as claves da súa creación, alicerzada en cuestións existenciais e na procura dun "novo realismo"

M. DOPICO . SANTIAGO

Inconsciente. Rito. Existencia. Linguaxe. Pulsión. Son algúns dos piares que sustentan a creación do escritor João Gilberto Noll, unha das voces máis orixinais da literatura brasileira contemporánea, que onte visitou Santiago para participar nos Encontros do Paraninfo convidado pola vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago e a Fundación Cultural Hispano-Brasileira. "Gosto moito da experiencia estranxeira", comentou nun encontro cos medios previo á súa intervención na Facultade de Xeografía e Historia no que se amosou "sorprendido" da semellanza entre o galego e o portugués.

E a viaxe é, precisamente, unha das constantes das súas obras. Como a procura da identidade nun mundo de incerteza, caos, soidade... "Todo comezou na miña adolescencia", indicou nunha entrevista con *Galicia Hoxe*. "Tiven unha crise de identidade moi profunda. Dinme que tal vez é unha influencia de Samuel Beckett. Eu digo que foi consecuencia dese momento que vivín cando tiña 16 anos, que foi cando comecei a escribir de xeito sistemático", engadiu.

Na actualidade, Noll (Porto Alegre, 1946) conta con quince libros publicados e numerosos premios. Defínese como un autor "de linguaxe", máis que "de trama ou de enredo". "Non é un asunto o que me leva a escribir", asegura.

"É a linguaxe a que vai abrindo camiño na miña narrativa", asegura. "Traballo co inconsciente", nunha escrita "moi compulsiva", non "intimista" nin "formalista", reitera. Procura, nas súas obras, un "novo realismo", no que a prosa conflúe coa poesía, a realidade coa imaxinación, a biografía coa ficción.

"Escribo primeiro coas mans. Premo as teclas do computador como un autómatas. Nun momento atopo o ton do personaxe.... Non penso moito sobre a onde quero chegar. Cando remato a primeira versión volvo ao inicio... A miña literatura ten unha profunda ligación coa música. A música non materializa ideas, e iso gústame", explica.

"Despois do cuarto ou quinto libro decateime de que teño un único protagonista, que é sempre o mesmo home", salientou. Un personaxe errante, nun eterno exilio, nunha incesante transformación de si mesmo. "Quere ser outro, e iso é algo moi de hoxe. A propaganda, o consumismo, fan que desexemos ser outros...", reflexiona.